

**ORDENANZA NÚM. 404****PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PUBLICACIÓNS LOCAIS****ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO**

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola venda de publicacións editadas polas súas Delegacións e Servizos, ou que, promocionadas por estes, dispoña delas para a súa venda, con independencia do soporte en que sexan realizadas.

**ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza os adquirentes dos libros, revistas e demais publicacións a que se refire o artigo anterior.

**ARTIGO 3º. FIXACIÓN DO PREZO**

1. A contía do prezo público determinarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Soporte da publicación.
- b) Calidade do material no que se realiza o soporte.
- c) Extensión da publicación.
- d) Número de exemplares editados.
- e) Sistema de financiamento da publicación.
- f) Custo do deseño, maquetación e edición.
- g) Número de exemplares adquiridos.

2. A concreción do prezo de cada unha das publicacións farase por resolución do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, ou do Concelleiro/a en quen delegue, tendo en conta os criterios sinalados no punto anterior.

3. O prezo así calculado non inclúe o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente.

4. O Concello poderá facilitar sen custo exemplares das publicacións a persoas públicas ou privadas, sempre que isto redunde en interese xeral do municipio, sexa en actuacións turísticas, culturais, sociais, xuvenís, de tempo libre ou análogas.

**ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO**

1. A obrigaón de pagar o prezo público nace desde o intre da entregaa da publicación.

2. No suposto da adquisición dunha pluralidade de exemplares, poderá esixirse o prezo público en réxime de autoliquidación, que será requisito previo para a súa entrega.

3. Para a distribución das súas publicacións, o Concello poderá establecer un contrato de depósito de exemplares cunha ou con varias empresas ou entidades distribuidoras, que efectuarán coa periodicidade que se fixe liquidación das vendas producidas, deducindo do importe total facial das publicacións vendidas as comisións acordadas no contrato.

## **ARTIGO 5º. PAGO**

O pagamento poderase efectuar na Tesourería Municipal ou nas dependencias municipais autorizadas para isto, nas entidades colaboradoras autorizadas, ou mediante domiciliación bancaria.

### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Ordenanza fiscal xeral.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>40</sup>.

---

<sup>40</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, aprobada polo Concello Pleno mediante acordo de data 5 de novembro de 2007, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 24/12/2007).